Asistentes
Preside
Cebro Rodríguez, Xoan

Vocais
Fariza Novoa, María
Gándara Pérez, José Antonio
Pajares Domínguez, Sergio
Santos García, José Santiago

Secretaria
Romo Pérez, Mª Carmen

Acta da reunión extraordinaria da Xunta Persoal Funcionario que tivo lugar nos locais sindicais (Edificio de Fundición), o día 10 de xullo de 2009 coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da oferta de emprego: prazas, temarios e proceso selectivo.

➢ Aprobación, se procede, da oferta de emprego: prazas, temarios e proceso selectivo.

Antes de comezar a tratar o punto da orde do día o Presidente informa das asembleas celebradas en Ourense e Pontevedra, indicando que o persoal dos campus está totalmente en contra da proposta de RPT presentada pola xerencia, e da súa filosofía, e solicitaron se enviara un comunicado e que se atendan as suxestións feitas polo persoal dos campus. Solicitarase unha reunión coa xerencia sobre este tema.

Empézase a tratar o punto da orde do día para acordar unha proposta que presentar á xerencia de forma conxunta para a negociación da oferta de emprego público.

- En relación ao número de prazas,o presidente manifesta que os números seguen sen cadrar, pero a Xunta de Persoal acorda aprobar a oferta de 40 prazas para auxiliar administrativo, 7 para axudantes de biblioteca e 1 para letrado.

En relación a se se deben ofertar por acceso libre ou a promoción interna, se producen unha serie de intervencións, nas que UGT precisa que deberían ser todas por libre, e de ofertarse por promoción interna deberían poder acceder a esta promoción todos os grupos inmediatamente inferiores. CCOO considera que deberíanse reservar 3 prazas para que os TEBs puideran promocionar. E CIG apoia que se oferten por acceso libre. CIG mantería o acordo de asamblea do 2003 de que todas as prazas de axudante fosen a promoción interna para o grupo C1 e B1 de administración e non para o persoal laboral por non haber acordo recíproco, pero visto o prexuizo que se lle podería causar ao persoal contratado logo de tantos anos sen oposición, a CIG considera que terían que ofertarse todas por acceso libre.

Sométese estas propostas a votación, co seguinte resultado (só nas 7 prazas de biblioteca):

- Oferta por acceso libre: 5 votos
- Oferta con promoción interna (3 prazas) para TEBs: 2 votos (CCOO)

Polo tanto acéptase a oferta, con todas as prazas por acceso libre.

En relación á valoración: a Xunta de Persoal acorda puntuar 15 sobre 100 o concurso e 85 sobre 100 a oposición.

En relación a estos 15 puntos punturarían os seguinte méritos:
- Servizos prestados na Universidade de Vigo: 0.15 por mes traballado.
- Servizos prestados nas outras Universidades Galegas: 0.05 por mes traballado.
- Servizos prestados noutras administracións: 0.01 por mes traballado.

En relación aos 85 puntos da oposición, logo dunha serie de intervencións se procede á votación entre dúas propostas:

A CIG propón (proposta A):

- 1º exame: tipo test: 30 puntos
- 2º exame: supostos prácticos: 30 puntos
- 3ª exame: informática (so word): 10 puntos
- 4º exame: galego: 15 puntos

Proposta consensuada entre CCOO e UGT (proposta B):

- 1º exame: tipo test: 30 puntos
- 2º exame: supostos prácticos: 30 puntos
- 3ª exame: informática (so word): 15 puntos
- 4º exame: galego: 10 puntos

O resultado da votación: Proposta A: 4 votos e Proposta B: 3 votos.

Por outra banda tamén se fala de como facer o corte no primeiro exame, sen que se chegue a unha decisión concreta. Deixandoo en principio nas mans do tribunal.

En relación ao temario, en principio acórdase propor o que se achega como anexo a esta acta, pendente de negociación e do que presente a xerencia.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión.